



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE.
SECCIÓN DE EDUCACIÓN E CENTROS
Expediente: 2024000043887

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN E PAGO DO IV PREMIO “XOÁN VICENTE VIQUEIRA” DE INVESTIGACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS, HUMANIDADES, SUSTENTABILIDADE E INNOVACIÓN

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

1.- Por resolución da presidencia número 2025/49756 modificada pola RP 50491 do 29 de outubro de 2025 foron aprobadas as bases do IV Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación, publicadas no BOP número 208, do 30 de outubro de 2025

2.- O xurado do premio, que fora nomeado por resolución da presidencia número número 5199, do 5 de febreiro de 2026 reuniuse na sede desta Deputación o 17 de marzo de 2026 e fixo a súa proposta de concesión dos premios, tal como consta na acta achegada ao expediente.

Á vista do contido da acta e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade

RESOLVO

Primeiro.- Conceder o IV Premio “Xoán Vicente Viqueira” de Investigación en Ciencias Sociais, Humanidades, Sustentabilidade e Innovación de acordo co seguinte:

Premio á traxectoria de vida adicada á investigación nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social ao longo dos últimos 30 anos:

Persoa gañadora: JESÚS FERNANDO SALGADO VELO

NIF: ***2253**

Expediente do pago: 2026000012682

Expediente da candidatura: 2025000057202

Importe: 6.500,00 €

IRPF: 975,00 € (15% de 6.500,00 €)

Premio á innovación científica nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social

Entidade gañadora: Grupo de investigación da Universidade de Vigo 'Post-Growth Innovation Lab
NIF: Q8650002B
Expediente do pago: 2026000012683
Expediente da solicitude: 2025000053372
Importe: 6.500,00 €

Declarar deserta a modalidade C) Premio á calidade dun traballo de investigación realizado por unha persoa investigadora nova nalgún dos ámbitos das ciencias sociais, as humanidades, a sustentabilidade e a innovación social, ao non contar con ningunha solicitude que acade o nivel de excelencia requirido para a súa concesión, de acordo cos criterios de avaliación establecidos na convocatoria

Segundo.- Aboar o importe dos 2 premios concedidos, por importe total de 13.000,00€, á partida 0612/3341/481 , fase A, operación número 220260000582 do vixente Orzamento.

Terceiro.- O importe correspondente á retención do 15% en concepto de IRPF ingresarase no CNP 20007, clave F, subclave 01.

Cuarto.- Anular os documentos contables RC, número de operación 220260000517.1 e documento contable A, número de operación 220260000582.1, na partida 0612/3341/481, por importe de 6.500,00 €.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.